



16-17-18.06 / 2022  
MONTE DO GOZO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



## PREGUNTAS FRECUENTES ZONA DE DESCANSO

### 1. Xa teño o meu "Print At Home" no correo, que debo facer con el?

Levalo contigo impreso ou en formato dixital e presentalo para trocar o teu billete na zona de descanso.

*\*A Organización anima aos asistentes a non imprimir as entradas e acudir con elas en formato dixital contribuindo ao aforro de papel\**

### 2. Que é o que debo facer cando chegue á zona de descanso de O Son Do Camiño?

Debes presentar a entrada da zona de descanso de O Son Do Camiño xunto cunha fotocopia do DNI no titular da reserva no despacho de billetes da zona de descanso. Alí o persoal darache unha pulseira que che acredite como usuario da zona de descanso.

### 3. Podo levar á miña mascota?

Non se permite a entrada de mascotas á zona de descanso de O Son Do Camiño, excepto cans guía.

### 4. Podo levar cámping gas?

Por razóns de seguridade, está prohibido facer lume e o uso de instrumentos como o cámping gas que poidan supoñer un perigo.

### 5. Como sei cal é a miña parcela?

O persoal da zona de descanso de O Son Do Camiño asignarache e indicará cal é a túa parcela en canto troques a túa entrada. Polo benestar de todos, rógase seguir as instrucións dos responsables.

### 6. Somos un grupo de amigos que chegamos en diferentes días e gustaríanos estar todos xuntos.

Non se fará reserva de parcelas, estas serán asignadas en función da orde de chegada. A única opción para poder estar todos xuntos sería que chegásedes todo o grupo á vez ou un representante de cada tenda de campaña.

### 7. Que facer se alguén me está causando molestias?

Para facilitar a convivencia de todos, débese comunicar ao persoal da zona de descanso calquera incidencia ou perigo que poida existir.

### 8. Que facer se perdín algo?

Dispoñemos de puntos de entrega ou recollida. Podedes preguntar na taquilla do festival ou na caseta de recepción da zona de descanso se cabe a posibilidade de que a perda fose alí.

### 9. A pulseira da zona de descanso de O Son Do Camiño é válida para entrar no recinto do festival?

Non, para acceder ao recinto teredes que dirixirvos ao despacho de billetes e trocar alí a vosa entrada do festival.

#### **10. Podo aparcar na zona de descanso de O Son Do Camiño?**

Non se permite o acceso de vehículos na zona de descanso, nin furgonetas, nin autocaravanas.

#### **11. Como facer a miña reserva?**

Podes reservar a túa praza aquí: [www.osondocamino.es](http://www.osondocamino.es)

#### **12. Que tipo de tenda de campaña podo levar?**

Está prohibido instalar máis de unha tenda de campaña por persoa. Non está permitido o uso de tendas de campaña de maior capacidade que o número de ocupantes da mesma. Non se poderá instalar, por exemplo, unha tenda de 8 persoas para 2 ou 4 persoas. Como referencia, as parcelas ocuparán ao redor de 6m<sup>2</sup> cada dúas persoas.

Rógase comprobar as medidas da tenda de campaña con antelación para evitar posibles incidentes de última hora.

#### **13. Pódese levar comida e bebidas alcohólicas?**

Permítese a entrada con comida e bebidas alcohólicas a condición de que os envases non sexan considerados como perigosos.

#### **14. Poden entrar persoas sen entrada?**

Non se permite a entrada ás persoas alleas á zona de descanso de O Son Do Camiño.

#### **15. ¿Cando podo facer uso das duchas?**

Permanecerán abertas ao longo da mañá e da tarde. O horario específico indicárase no propio recinto.

#### **16. Pecha a algunha hora a zona de descanso de O Son Do Camiño?**

A zona de descanso de O Son Do Camiño permanecerá aberto as 24 horas durante os días do festival:

- **Apertura:** mércores 15 de xuño ás 12:00 horas.
- **Peche:** domingo 19 de xuño ás 12:00 horas.

O Glamping abrirá o xoves 16 ás 11:00 horas e pechará o domingo 19 de xuño ás 12:00 horas.